

1.1. producción

O obxectivo deste capítulo é analiza-la produción na economía galega ó longo dos últimos anos, para o que se terán en conta os datos facilitados polo Instituto Galego de Estatística (IGE), os datos da Contabilidade Regional de España do Instituto Nacional de Estadística (INE), a Enquisa de Poboación Activa (EPA) e Eurostat.

A primeira parte do capítulo analiza os datos da Contabilidade Trimestral de Galicia presentados polo IGE e reflicte como aspecto máis salientable que o exercicio do 2000 presentou un ritmo considerable de crecemento económico (4,0% en termos reais), aínda que os datos trimestrais do ano 2000 parecen indicar unha certa ralentización do mesmo.

Este crecemento económico posibilitou un crecemento do emprego do 4,8%, máis de 2 puntos por riba do rexistrado no ano precedente. Ademais, por primeira vez en moito tempo, o

emprego en Galicia medrou máis ca media en España, en especial polo comportamento asimétrico do emprego primario.

Posteriormente estúdiáanse os datos da contabilidade regional de España publicados polo INE, que permiten compara-los datos da comunidade galega cos rexistrados no total estatal. No ano 2000 a importancia relativa da produción galega (PIB a prezos de mercado, prezos constantes) no total estatal foi, ó igual que no ano anterior, do 5,48%.

Finalmente, analízase a converxencia real da economía galega respecto ó conxunto do estado e a Unión Europea (UE-15), tendo como indicadores o PIB per cápita no caso español e o PIB por habitante (poder de compra) no caso europeo. Como aspecto salientable dos datos analizados, Galicia mantén a distancia coa media española nos dous últimos anos, ó igual que acontece na comparación con Europa entre 1995 e 1998.

CADRO 1.1.1.

VEB de Galicia e España 1999-00: taxas de variación ⁽¹⁾

	Galicia						España					
	1999		2000		2000		1999		2000		2000	
	(medias anuais)		trimestres				(medias anuais)		trimestres			
			I	II	III	IV			I	II	III	IV
Agricultura e pesca	2,6	-1,8	0,2	-0,2	-2,3	-4,8	-3,1	1,5	-0,3	1,3	2,4	2,5
Industria	2,8	5,5	9,0	4,2	5,5	3,6	3,0	5,1	4,8	5,3	5,3	4,9
Construcción	5,5	6,5	5,6	6,0	8,1	6,1	8,7	6,3	6,4	6,6	6,3	6,0
Servicios	4,9	3,7	3,9	4,3	4,0	2,8	4,0	3,7	3,8	3,7	3,6	3,5
Total non agrario	4,4	4,5	5,3	4,5	4,8	3,4	4,1	4,2	4,3	4,3	4,3	4,0
Total VEB pb	4,3	4,0	5,0	4,1	4,3	2,8	3,7	4,1	4,0	4,2	4,2	4,0
Total PIB pm	4,8	3,9	4,2	4,0	3,8	3,7	4,0	4,1	4,2	4,2	4,1	3,8

(1) VEB a prezos básicos. Prezos constantes (base 1995)

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos IGE, *Contabilidade Trimestral de Galicia* e INE, *Contabilidade Trimestral de España*


CADRO 1.1.2.

Poboación ocupada 1999-00: distribución segundo sectores económicos

	1999	2000	00/99
	(en miles de persoas)		%
Agricultura	139,3	141,1	1,3
Pesca	33,8	36,0	6,7
Industria	169,0	175,5	3,8
Construcción	104,9	116,6	11,2
Servicios	494,8	517,4	4,6
Total	941,7	986,6	4,8

Fonte: IGE, *Enquisa de Poboación Activa*

GRÁFICO 1.1.1.



Producción segundo o IGE

A economía galega presentou no ano 2000 unha taxa media de crecemento da súa produción –medida en termos do valor engadido bruto a prezos básicos, prezos constantes (base 1995)– do 4,0%, o que representa unha redución de tres décimas respecto ó crecemento experimentado no mesmo período do ano anterior. No conxunto do estado, o aumento da produción foi do 4,1%, fronte ó 3,7% do ano anterior.

Atendendo á evolución trimestral, o **cadro 1.1.1.** reflicte a existencia dunha ralentización das taxas de crecemento ó longo do ano 2000, producíndose esta evolución en tódolos sectores económicos, agás no sector da construción, onde a taxa de crecemento da produción só se ralentiza, respecto ó trimestre anterior, no último trimestre do ano.

Este crecemento da economía galega viu acompañado dunha notable medra da poboación ocupada galega: 4,8% fronte ó 2,6% do ano anterior. Tal e como reflicte o **cadro C.1.1.** (*Taxas de variacións anuais do VEB e do emprego 1999-00 en Galicia e España: distribución segundo sectores económicos*), no conxunto do estado o crecemento da economía viu asociado a un crecemento do 4,7% da ocupación.

Afondando no estudio da produción en Galicia, o sector da **construción** segue a se-lo sector cun maior crecemento. Este sector presentou un crecemento medio do 6,5% no ano 2000, motivado pola evolución da construción privada, xa que a construción pública continúa amosando unha tendencia descendente.

A licitación oficial de tódalas administracións, considerada como un estimador da tendencia de actividade nos próximos meses, foi un 23,1% inferior á rexistrada no ano 1999 en Galicia. Este descenso rexístrase tamén no caso da licitación de obra civil e da edificación, sendo no primeiro caso do 28,2% e no segundo do 7,8%.

Pola contra, a licitación oficial da administración autonómica medrou un 6,7% respecto ó

ano anterior, producíndose un crecemento do 12,4% no caso da obra civil e un lixeiro descenso no caso da obra en edificación.

O consumo aparente de cemento segue a tendencia xeral do sector, presentando no ano 2000 un consumo total de 2.464.200 toneladas, o que representa o 6,4% do total consumido en España. Comparado cos datos rexistrados no ano anterior, o consumo de cemento medrou un 7,9% en Galicia, fronte a un crecemento do 11% no conxunto do estado. Asemade, a poboación ocupada no sector da construción medrou un 11,2% no ano 2000 para situarse nos 116,6 miles de persoas (media anual).

Xunto co sector da construción, atópase o **sector industrial**, que presentou no ano 2000 unha taxa de crecemento do VEB a prezos básicos superior á rexistrada no ano anterior, acadando un medre do 5,5%, fronte ós 2,8% do ano anterior. Este crecemento viu acompañado por un aumento da poboación ocupada do 3,8% (6,5 miles de persoas), tal e como recollen os **cadros 1.1.1.** e **1.1.2.**

Esta evolución é tamén reflectida polo Índice de Producción Industrial de Galicia, que indica un crecemento medio do índice xeral do 11,8% ó longo do ano 2000. O compoñente enerxético do IPIGA presentou un crecemento medio do 13,4% e dun 11,3% o compoñente non enerxético.

Atendendo á clasificación por destino económico dos bens, o **cadro C.3.20.** (*Índice de Producción Industrial de Galicia 1998-00*) reflicte un crecemento do 13,9% para o caso dos bens intermedios, en tanto que os bens de consumo e os bens de equipamento medran un 9,2% e un 8,2%, respectivamente.

O VEB xerado polo sector **servicios** experimentou en Galicia un incremento medio anual do 3,7% no ano 2000, 1,2 puntos inferior ó crecemento rexistrado no ano anterior. No ano 2000 prodúcese un descenso do grao de ocupación en establecementos hostaleiros, así como un descenso do número de viaxeiros (12,8% menos)

VEB ⁽¹⁾ das CC.AA. 2000: taxas de variación interanuais

	Total	Agricultura, gand. e pesca	Industria e enerxía	Construcción	Servicios
	%				
Andalucía	3,81	0,38	5,58	5,70	3,63
Aragón	3,77	2,08	4,26	4,92	3,52
Asturias	4,16	1,06	5,89	3,92	3,52
Baleares	4,34	-2,22	4,80	9,08	4,00
Canarias	4,42	-1,95	6,92	9,30	3,70
Cantabria	4,61	0,97	5,61	12,77	3,36
Castela e León	4,30	4,01	5,12	7,90	3,43
Castela-A Mancha	4,15	3,39	5,12	6,89	3,40
Cataluña	4,33	3,31	5,09	3,28	4,03
C. Valenciana	4,41	1,02	4,08	9,26	4,06
Extremadura	3,86	3,59	6,97	3,25	3,36
Galicia	4,07	0,32	5,75	6,21	3,54
Madrid	3,69	2,58	5,38	5,75	3,05
Murcia	4,20	2,34	4,82	9,43	3,49
Navarra	3,91	1,32	4,13	8,05	3,42
País Vasco	4,17	-5,03	4,78	7,63	3,65
A Rioxa	4,58	2,63	4,16	7,96	4,72
Ceuta e Melilla	4,00	3,26	4,40	3,52	3,98
Total	4,09	1,47	5,08	6,35	3,60

(1) VEB a prezos básicos (prezos constantes)
Fonte: INE, Contabilidad Regional de España

despois do efecto do ano Xacobeo. Asemade, apréciase un descenso na venda de combustibles líquidos (3,8% menos) e na matriculación de vehículos (-5,8%).

A poboación ocupada no sector servicios, **cadros 1.1.2. e C.1.1.** (*Taxas de variacións anuais do VEB e do emprego 1999-00 en Galicia e España: distribución segundo sectores económicos*), medrou ó longo do ano 2000, cun crecemento, en termos relativos, do 4,6%, equivalente a un incremento en termos absolutos de 22,6 miles de persoas.

Finalmente, o **sector primario** presenta unha taxa media de crecemento negativa do 1,8%, fronte ó crecemento medio do 2,6% experimentado no ano precedente. En España, pola contra, o sector primario experimenta un crecemento positivo do 1,5% fronte ó -3,1% do ano anterior.

En contra do que ven sendo un proceso permanente nas últimas décadas –caída intensa e

continuada do emprego agrario–, no ano 2000 prodúcese un aumento da poboación ocupada no sector primario do 2,3% respecto ó ano 1999 (4.000 persoas máis). Mentres que a ocupación no subsector agrario medra un 1,29% (1.800 persoas), no subsector pesqueiro faino un 6,6% (2.200 persoas).

Producción segundo o INE

A Contabilidad Regional de España indica que o VEB a prezos básicos (base 1995) ascendeu en Galicia no ano 2000 a 4.386.024 millóns de pesetas, o que representa o 5,49% do VEB xerado no conxunto do estado. Comparado co ano anterior, o VEB a prezos básicos (prezos constantes) medrou en Galicia un 4,07%, cifra similar ó 4,09% rexistrado en España (**cadro C.1.3. VEB das Comunidades Autónomas 2000**).

Atendendo á desagregación sectorial, salienta, por unha banda, que os servicios e a industria son as ramas máis importantes na eco-

nomía galega, superando o 60% no primeiro caso e cun 24% no segundo (66,9% e 23,9%, respectivamente, no conxunto do estado). Pola outra banda, salienta o elevado peso relativo do sector primario na economía galega (8% do total do VEB galego a prezos básicos) en comparación co peso relativo na economía española (4,6% do VEB).

No que á súa contribución á economía española se refire, a achega da economía galega ó total do VEB xerado no conxunto do estado, o **cadro C.1.3.** (*VEB das CC.AA. 2000*) amosa que Galicia aporta o 5,48% do total do VEB español, sendo a sétima comunidade con maior contribución tras Cataluña, Madrid, Andalucía, a C. Valenciana, País Vasco e Castela e León. Pola contra, se esta comparación se fai atendendo ó índice VEB/habitante (acada os 1,61 millóns de pesetas por habitante en Galicia), a comunidade galega estaría tan só por diante de Andalucía e Estremadura.

No que ás diferentes ramas de actividade se refire, as máis importantes pola súa contribución relativa ó total estatal son as de agricultura, gandería e pesca e a construción, que aportan o 9,4% e o 6,3% do total xerado nas mesmas. Pola contra, as ramas industria e enerxía e a de servizos de mercado aportan o 5,6% e 5,1% do total xerado en cada unha desas ramas económicas.

Converxencia real

Un último aspecto a considerar é o relativo á análise da converxencia real a partires do PIB por habitante (media española igual a 100) e PIB por habitante medido en paridades de poder de compra (media UE-15 igual a 100).

Atendendo á converxencia real con España, o índice PIB por habitante, **cadro C.1.2.** (*Converxencia real das CC.AA. fronte a España e a Unión Europea (UE-15)*), amosa que nos anos 1999 e 2000 Galicia mantén a mesma distancia con respecto á media española, ó presentar este índice un valor de 80,7 nos dous anos considerados. Comparada coas outras comunidades autónomas, Galicia está só por diante de

Andalucía e Estremadura, onde o índice PIB por habitante acada, no ano 2000, un valor de 74,7 e 65,6, respectivamente.

Con respecto á UE-15, o PIB por habitante (poder de compra) galego no ano 1998 era o 64% do valor medio da UE-15, cando no conxunto do estado, este índice acada un valor de 81. Tal e como reflicte o devandito **cadro C.1.2.**, o PIB por habitante (poder de compra) no período 1995-98 mantense constante no 64% da media europea, sendo unha das 5 comunidades, xunto a Andalucía, Asturias, Castela e León e Estremadura, que non converxe coa media europea nese período (nas cinco comunidades o índice presenta o mesmo valor que en 1998). ■

